



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Nomeamento de persoal eventual do Concello de Teo

ANUNCIO

De conformidade co previsto no artigo 104 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o pleno do concello, na sesión organizativa celebrada o 30 de xuño de 2023, acordou crear un posto de persoal eventual, baixo a denominación de Responsable de prensa e comunicación, fixando as características e retribucións que se indican:

Denominación do posto: RESPONSABLE DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Número de postos: 1

Características: Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou.

As súas funcións serán asistir á alcaldesa en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación, así como coordinar a política informativa municipal, responsabilizarse da edición dos boletíns informativos municipais e xestionar a páxina WEB municipal.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da Alcaldía.

Retribucións: 29.625,40 euros brutos anuais.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario do Concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Por Resolución da Alcaldía do 18 de setembro de 2023 (Res. 1101/23) resolveuse o nomeamento de D.^a Jessica López Bugeiro, DNI *** 5183** como persoal eventual, o posto de traballo de “RESPONSABLE DE PRENSA E COMUNICACIÓN” reservado a persoal eventual, coas atribucións que figuran na descrición do posto e con efectos do día 1 de outubro de 2023.

O persoal eventual nomeado, poderá ser cesado libremente por esta Alcaldía e cesará automaticamente cando a alcaldesa cese ou expire o seu mandato, non implicando este nomeamento mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna.

Teo, 18 de setembro de 2023

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

2023/7481